



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA POLA QUE SE MODIFICA A DO 27 DE OUTUBRO DE 2023 E A DO 6 DE XUÑO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE NOIA E SE ABRE PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

ANTECEDENTES:

1. A Orde de 21 de decembro de 2023 aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 (DOG Núm. 246, de 29 de decembro de 2023). De conformidade co expediente de aprobación do plan de explotación de moluscos bivalvos a pé da confraría de pescadores de Noia en autorización (PE403A 2023/41-1) mantense o número máximo de 395 permisos na confraría de Noia para todo o trienio que poderían participar neste plan.
2. Por resolución do 26.06.2023 deste departamento territorial, convocouse o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo xeral a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Noia. Neste proceso convocáronse dezanove (19) prazas.
3. O 27.10.2023, este departamento territorial emitiu unha resolución pola que se publicaba a listaxe de persoas aspirantes seleccionadas no antedito proceso selectivo e se abriu o prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación para presentar a documentación.
4. Tras o proceso de renovación anual dos permisos de explotación de marisqueo a pé para o 2024, así como coas baixas que se produciran por xubilación, quedaban vinte nove (29) prazas por cubrir ata acadar a cifra máxima fixada pola entidade en 395 permisos.
5. O 29.05.2024, a entidade solicitou ao departamento territorial da Coruña a cobertura destas prazas que quedaran vacantes, mediante a utilización da lista de reserva.



6. O 06.06.2024 a dirección territorial da Consellería do Mar na Coruña emite unha nova resolución pola que se procede á cobertura das vintenove (29) prazas vacantes mediante a lista de reserva e se abre o prazo de quince (15) días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da súa publicación para presentar a documentación.

7. O 11.06.2024 prodúcese a renuncia de unha das persoas seleccionadas pola lista de reserva.

8. Transcorrido o prazo de presentación de documentación, tres (3) persoas das seleccionadas non presentan a documentación necesaria polo que pasan a declararse desistidas da súa solicitude na presente resolución.

9. Das vinte e cinco (25) persoas que presentaron a documentación, hai dúas persoas que carecen dos requisitos necesarios para outorgarlles o permiso de marisqueo, polo que tamén pasan a declararse desistidas da súa solicitude na presente resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo pé, regula no artigo 6 e 7 o procedemento administrativo a seguir nos procesos de selección para ter acceso ao permiso de explotación para o marisqueo a pé, así como a constitución e emprego de listas de reserva en ditos procesos selectivos, concretamente no seu artigo 7.6:

"A relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do proceso selectivo, constituirá unha lista de reserva que terá unha vixencia dun (1) ano contado desde o día seguinte ao da data da resolución da xefatura territorial".

2. A resolución do 6 de xuño de 2024 pola que se modifica a do 27 de outubro de 2023 pola que se publica a listaxe de persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo xeral a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Noia, e se abre o prazo para a presentación da documentación, recolle no seu apartado 2º que:

"As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude.

Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva polo desistimento das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos."

3. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira modificada polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

De acordo con todo o anterior, e co disposto no Decreto 149/2024, do 20 de maio, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG Núm. 101, do 27 de maio de 2024), este departamento territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE:

1º. Declarar desistidas para a obtención do permiso de explotación na modalidade de marisqueo xeral a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Noia ás persoas que se indica a continuación:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
CUESTA	PITA	MARIA JOANNE	*** 3094 **
MARTINEZ	FIGUEIRA	ARANTXA	*** 9624 **
SARMIENTO	GARCIA	MARIA PILAR	*** 8512 **
ALLO	PEREZ	RAQUEL	*** 2234 **
CASTRO	ALVAREZ	BEATRIZ	*** 3328 **
LAGO	ESTÉVEZ	MARIA	*** 0009 **

2º. Proceder á cobertura de seis (6) prazas vacantes na modalidade de marisqueo xeral a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Noia mediante o emprego da lista de reserva resultante do proceso selectivo rematado por resolución do 27 de outubro de 2023 e modificado pola resolución do 6 de xuño de 2024 . O listado coas persoas aspirantes seleccionadas e non seleccionadas ven recollido no anexo desta resolución.

3º. As persoas aspirantes seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para presentar no rexistro do departamento territorial da Consellería do Mar na Coruña, ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a documentación que figura na base 3.2 do anexo A da convocatoria, que a continuación se relaciona:



a) Certificado de estar empadroadada nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria que se presente no caso de consentimento expreso da persoa interesada para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptora da renda de integración social de Galicia. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos. Se a persoa é perceptora da renda de integración social de Galicia, deberá renunciar a ela no momento da concesión do permiso de explotación.

c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

d) Dúas fotografías de tamaño carné actuais e iguais, co seu nome escrito por detrás.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude.

Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/as que figuren na lista de reserva polo desistimento das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

4º. Para obter o permiso de explotación de marisqueo a pé, a persoa seleccionada deberá:

a) Estar en posesión do permiso do certificado de mariscador.

b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

5º. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do departamento territorial da Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da xefatura comarcal de Ribeira, así como no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Noia.



Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, a 28 de outubro de 2024.

A directora territorial

María José Cancelo Baquero

I. NOIA.- RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS-SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS-OBTENCIÓN DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ (continúa)

Nota: ocúltase parcialmente o número de DNI en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

I.- RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS-SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS-OBTENCIÓN DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ (continúa)

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI	PUNTOS	PARO	FORM 2.a	FORM 2.b	PADRÓN
CARREÑO	LOJO	RAQUEL	** * 3399 **	10,00	3,00	3,20	0,50	4,00
RAMOS	MOLEDO	VANESA	** * 2576 **	10,00	3,00	2,50	0,50	4,00
ABEIJON	MARTINEZ	IVAN	** * 3005 **	10,00	3,00	3,10	0,00	4,00
HERMIDA	CREO	OSCAR	** * 2542 **	10,00	3,00	3,30	0,00	4,00
VILLANUEVA	REY	LUIS MANUEL	** * 7090 **	10,00	3,00	3,00	0,00	4,00
INSUA	NELSON	MERCEDES MARIE	** * 8398 **	10,00	3,00	3,50	0,00	4,00
LISTA DE RESERVA								
FERNANDEZ	LÓPEZ	ELVIRA MANUELA	** * 9516 **	10,00	3,00	3,08	0,30	4,00
VIÑAS	ARNING	REBECA	** * 8415 **	10,00	3,00	3,10	0,30	4,00
LOURO	LOURO	ADRIAN	** * 6031 **	10,00	3,00	3,00	0,30	4,00
FERNANDEZ	DOMINGUEZ	ANA MARIA	** * 8776 **	10,00	3,00	4,50	0,70	4,00
ALONSO	FIGUEIRAS	MELODIA	** * 9031 **	10,00	3,00	2,80	0,30	4,00

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI	PUNTOS	PARO	FORM 2.a	FORM 2.b	PADRÓN
RODRIGUEZ	CAAMAÑO	LUCIA	*** 7094 **	10,00	3,00	3,00	0,50	4,00
VIDAL	FREIRE	RAQUEL	*** 8142 **	10,00	3,00	3,10	0,30	4,00
MARTINEZ	UGENA	PALOMA	*** 0688 **	10,00	3,00	3,00	0,50	4,00
BEITIA	VEIGA	VANESSA	*** 1271 **	10,00	3,00	3,10	0,30	4,00
BALEIRON	CRUZ	SILVIA	*** 8190 **	10,00	3,00	3,00	0,30	4,00
LUACES	SENDON	ELADIO	*** 3294 **	10,00	3,00	3,00	0,30	4,00
COLLADO	GUETO	LAURA	*** 9543 **	10,00	3,00	3,00	0,50	4,00
MARTINEZ	CERNADAS	LORENA	*** 0435 **	10,00	3,00	2,80	1,00	4,00
BARRAL	BOTANA	CATUXA	*** 1864 **	10,00	3,00	2,90	0,50	4,00
HERMO	TUBIO	MANUEL	*** 8513 **	10,00	3,00	2,50	0,50	4,00
LOJO	ALONSO	JUAN JOSE	*** 6822 **	10,00	3,00	2,50	0,50	4,00
VARELA	INSUA	JULIO JOSE	*** 6586 **	10,00	3,00	3,30	0,30	4,00
BLANCO	NÚÑEZ	ALICIA	*** 9704 **	10,00	3,00	3,30	0,50	4,00
MARTINEZ	DOMINGUEZ	RAMON ANTONIO	*** 9750 **	10,00	3,00	2,90	0,30	4,00
COLLADO	GUETO	MARCOS	*** 9543 **	10,00	3,00	3,00	0,00	4,00

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI	PUNTOS	PARO	FORM 2.a	FORM 2.b	PADRÓN
HERMO	MARTINEZ	JOSE MANUEL	*** 6902 **	10,00	3,00	3,50	0,30	4,00
RODRIGUEZ	CALVO	NOEMI	*** 3391 **	9,90	3,00	2,60	0,30	4,00
JALLAS	DOMINGUEZ	ADA	*** 1868 **	9,80	3,00	2,50	0,30	4,00
SANTAMARIA	VILA	ELENA MARIA	*** 6572 **	9,80	3,00	2,50	0,30	4,00
BATALLA	DOMINGUEZ	JOSE CARLOS	*** 3506 **	9,75	2,75	3,20	0,30	4,00
QUEIRUGA	RIAL	JOSE FRANCISCO	*** 3788 **	9,75	2,75	3,00	0,50	4,00
REQUEJO	FERNANDEZ	ANGEL	*** 0011 **	9,75	2,75	3,00	0,00	4,00
ALEXANDRE		PAULA	*** 9584 **	9,50	3,00	2,50	0,00	4,00
PEREZ	PAZOS	MARIA JOSE	*** 8525 **	9,50	2,50	3,00	0,30	4,00
FERNANDEZ	RODRIGUEZ	RAQUEL	*** 8655 **	9,25	2,25	3,08	0,00	4,00
BLANCO	BARREIRO	LORENA	*** 3330 **	9,05	2,25	2,50	0,30	4,00
MARTINEZ	SANTIAGO	MARIA LORETO	*** 8927 **	8,90	3,00	1,90	0,00	4,00
CES	MARTINEZ	MARIA JOSE	*** 3580 **	8,75	1,75	3,50	0,00	4,00
MARTINEZ	LOJO	MARIA LUZ	*** 8488 **	8,75	1,75	3,50	0,00	4,00
VIÑAS	IGLESIAS	EILA	*** 8269 **	8,75	2,25	2,50	0,00	4,00

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI	PUNTOS	PARO	FORM 2.a	FORM 2.b	PADRÓN
FERNANDEZ	MARIÑO	LAURA	*** 4446 **	8,25	1,25	2,50	0,50	4,00
GARCÍA	MUÑIZ	LORENA	*** 6019 **	8,25	1,25	3,00	0,30	4,00
QUEIRO	CREO	MARIA DEL CARMEN	*** 6827 **	8,25	1,25	3,20	0,30	4,00
VAZQUEZ	CALVO	RAMÓN	*** 6628 **	8,25	1,25	3,10	0,00	4,00
RAMA	RUA	ANA	*** 3581 **	8,00	1,00	3,50	0,50	4,00
LAÍÑO	RODRIGUEZ	CHRISTIAN	*** 0836 **	7,75	1,25	2,50	0,00	4,00
ZAPATA	FERMIN	SOFIA	*** 9267 **	7,50	3,00	0,00	0,50	4,00
LEIS	OUTON	ISABEL	*** 9352 **	7,45	1,75	1,00	0,70	4,00
ABEIJON	NUÑEZ	MARIA JOSE	*** 3394 **	7,30	3,00	0,00	0,30	4,00
ANIDO	GARCIA	ROSA MARIA	*** 7885 **	7,00	0,00	3,00	0,00	4,00
BLANCO	GARCIA	PRISCILA	*** 3474 **	7,00	0,00	2,50	0,50	4,00
CHOQUE	FERNANDEZ	EDITH	*** 7014 **	7,00	0,00	3,10	0,00	4,00
LESTON	CAAMAÑO	FRANCISCO JOSE	*** 8430 **	7,00	0,00	2,70	0,50	4,00
MARTINEZ	RODRIGUEZ	VICTOR MANUEL	*** 6257 **	7,00	0,00	3,00	0,30	4,00
MONTERO	BAAMONDE	PAULA	*** 6900 **	7,00	0,00	2,50	0,50	4,00

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI	PUNTOS	PARO	FORM 2.a	FORM 2.b	PADRÓN
MONTERROSO	FROJAN	FRANCISCA	*** 3213 **	7,00	0,00	3,00	0,00	4,00
PENSADO	ABEIJON	BEGOÑA	*** 5823 **	7,00	0,00	3,40	0,30	4,00
REGO	MARTINEZ	JUAN JOSE	*** 7652 **	7,00	0,00	2,50	1,00	4,00
GARCIA	MONTERO	IRIA	*** 0352 **	6,80	0,00	2,50	0,30	4,00
VIEITES	GARCIA	LORENA	*** 0005 **	6,80	0,00	2,80	0,00	4,00
GONZALEZ	LOJO	SARA	*** 8771 **	6,50	0,00	2,50	0,00	4,00
CASTRO	OLVEIRA	ANTONIO	*** 3640 **	5,90	0,00	1,90	0,00	4,00
RAMOS	MARTINEZ	MARIA IRENE	*** 0209 **	5,90	0,00	1,90	0,00	4,00
CAMPOS	FIGUEIRA	MARIA JOSE	*** 0011 **	5,25	2,25	2,90	0,30	0,00
EL HANI	ANIBA	SABAH	*** 4512 **	4,00	0,00	0,00	0,00	4,00
REGO	AGRA	SERGIO	*** 3550 **	3,75	0,75	3,00	0,50	0,00
HERMO	ROMERO	INES	*** 8194 **	3,00	0,00	3,00	0,50	0,00

Os epígrafes de cada columna son:

- **PUNTOS** acadados en total.
- **PARO:** tempo transcorrido como desempregado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (**puntuación máxima 3 puntos**).
- **FORMACIÓN:**

2.a ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):

Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 26 de xuño de 2023 da directora territorial da consellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo.

2.b TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto. As persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no IGAFa, engadíraselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos

- **PADRÓN:** Por estar empadroadado nun concello do ámbito da confraría ou entidade titular do plan de explotación en que está prevista a incorporación, durante un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: **4 puntos**.